

As bancadas están cheas de afeccionados que berran o nome do seu ídolo. A directiva decidiu que hoxe sexa día especial e os cativos entren de balde; aínda que o club perda unhas pesetas gañará o estadio en animación. Varios dos titulares realizan exercicios de quecemento mentres o adestrador e o resto ocupan o seu respectivo banco. Matías, a máis recente das fichaxes, coas súas características luvas e xeonlleiras marelas, tenta deter os “punteiros” dos dianteiros granates; hoxe deberá confirmar que é un dos mellores garda redes da Primeira División.

O árbitro asubía e comeza o partido. Leva o balón Lito, que canea a dous contrarios, tenta pasar sobre Tito e a pelota pérdese xunto á bandeirola de córner.

Avanza Totó pola zona central do rectángulo de xogo, cede a Lito que realiza un disparo moi duro e axustado ao pau dereito pero rexeita o garda redes. Este cede en curto a Lolo, Lolo esvara e outra vez está Lito en posesión da pelota e pasa a Tito en moi boa posición de tiro, pero xa o xuíz de liña sinalara fóra de xogo do dianteiro local.

Outra vez Totó dirixindo o xogo granate, pase longo a Tito que gaña a posición ao defensa, vai disparar, e.. éntralle en prancha o líbero; o árbitro aplica a lei da vantaxe porque colle o balón Lito xa na área pequena cando o defensa lle mete a cambadela, cae derrubado e, que escándalo!, o árbitro deixa seguir o xogo. Comezan a caer almofadiñas ao terreo de xogo; Totó vai correndo cara o Sr. de negro, empúrro e ... suponlle unha amoestación que vai ser o cartón vermello. Así é. Lito segue aínda no chan, entran os membros da Cruz Vermella coas padiolas e o bravo dianteiro vai ser retirado do campo.....

1) Busca sinónimos para as seguintes palabras

- | | |
|------------------------|-------------------|
| - Nenos e nenas: _____ | Regatear: _____ |
| - Porteiro: _____ | Patada: _____ |
| - Coiro: _____ | Currunchos: _____ |

2) No texto aparece a palabra córner, esta non é unha palabra de orixe galego, para referirnos a esta acción temos a expresión saque de currunchos, poderíasme dicir entre os diferentes fenómenos lingüísticos como se chama isto? Ademais define coas túas palabras:

País Plurilingüe: _____

Lingua Minoritaria: _____

Lingua Maioritaria: _____

3) Facendo memoria co visto no último día na clase sinala no mapa 5 linguas que se falen na península ibérica.



4) Para finalizar, realiza un pequeno texto de (8-12 liñas) onde contes como foi a última vez que asistiches a un espectáculo (ver un partido de algún deporte, cine, teatro, un concerto, unha batalla de rap...)

Recorda seguir as estruturas que falamos na clase, unha presentación da situación, un parágrafo ou dous onde expliques o sucedido, e finalmente unha conclusión onde contes o porqué che gustou tanto. Usa oracións curtas, claras e por favor, por favor, por favor uso puntos e aparte.

Ao rematar podes enviar o texto a msf@edu.xunta.es